

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 4 de marzo de 2011, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 4/11, do 18 do febreiro.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, do 11/11/2010, recaída en recurso de apelación nº 15037/2010, interposto por dona Teresa Fuentes Pérez, contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número catro dos da Coruña, do 16/12/2009, recaída en recurso PA 415/2008, sobre a taxa de recollida de lixo.

3.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 17/02/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 52/2011, interposto pola Fundación San Rosendo, sobre tributos.

4.-Toma de coñecemento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, do 17/02/2011, recaída no recurso nº 16640/2009, interposto por Cementos Cosmos, SA, contra a resolución do TEAR.

5.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número catro dos da Coruña, do 08/02/2011, recaída no recurso PA 317/2010, interposto por dona María del Carmen Fraga Rocha, sobre responsabilidade patrimonial.

6.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, do 10/01/2011, recaída no PA 11/2010, interposto por don José Manuel Louzán Chas, sobre responsabilidade patrimonial.

7.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos da Coruña, do 21/02/2011, recaída no PA 315/2010, interposto por don Juan Carlos Barambio Moreno, sobre responsabilidade patrimonial.

8.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 23/02/2011, que dispón a interposición de recurso contencioso administrativo contra a resolución da Consellería de Traballo e Benestar, do 02/02/2011, desestimatoria do recurso de alzada interposto por esta Deputación provincial contra a resolución da Dirección Xeral de Relacións Laborais, do 11/06/2007.

Persoal

9.-Incorporar a xefatura de Sección de Unión Europea e Acción Exterior ao concurso de xefaturas.

Asistencia Técnica a Municipios

10.-Aprobar o informe relativo á avaliación do impacto ambiental do proxecto “Helipuerto privado da sociedade de salvamento e seguridade marítima no T.M. de Cee (A Coruña).”

11.-Aprobar o informe sectorial sobre o Plan de sectorización de solo urbanizable non delimitado “SUND-4” no parque empresarial de Vedra.

Patrimonio e Contratación

12.-Modificar o acordo nº 29 de Xunta de Goberno do 8 de abril de 2010, relativo á adxudicación do contrato de servizos de limpeza do bosque do Pazo de Mariñán.

13.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun contrato menor para o nomeamento de comisario do VI Premio Internacional de Artes Gráficas Jesús Núñez.

14.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun contrato menor para o nomeamento de comisario do XV Premio de Teatro Rafael Dieste.

15.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares e contratación das obras incluídas no Plan de sendas peonís 2010, 6ª fase: senda peonil na estrada DP 3606 Cobas a San Xorxe P.K. 0+890 a 3+890 (Ferrol); senda peonil na marxe esquerda da estrada EP 1913 entre o P.K. 9+048 e o P.K. 9+953 (A Laracha); senda peonil en DP 8401 P.K. 5+400 a PK 6+000 (Tordoia).

16.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar os servizos de seguridade e vixilancia no Dolmen de Dombate.

17.-Adxudicar o contrato menor consistente nun curso de orientación á banda deseñada “Concilia” con motivo da conmemoración do 8 de marzo “Día das mulleres traballadoras”.

18.-Adxudicar o contrato de prestación de servizos de soporte e apoio á explotación do sistema integral de Xestión Tributaria.

19.-Adxudicar a contratación menor consistente na asistencia técnica para realizar unhas charlas-coloquio no marco da conmemoración do 8 de marzo “Día das mulleres traballadoras”.

- 20.-Adxudicar o contrato de servizo para a creación do produto turístico “Cultura marítima atlántica” no ámbito do Proxecto Dorna, cofinanciado polo FEDER no marco do programa de cooperación transnacional Espazo Atlántico 2007-2013.
- 21.-Adxudicar o contrato de determinación do tipo de bens para a subministración de impresoras de posto en cor para a Deputación Provincial da Coruña.
- 22.-Adxudicar o contrato consistente na realización dos traballos de dinamización de actividades da Deputación no Fórum Gastronómico Girona 2011.
- 23.-Aprobar o contrato menor de subministración dunha máquina cortacésped con destino ao Castelo de Vimianzo.
- 24.-Aprobar o contrato menor de participación da Deputación na Feira SITC Barcelona 2011.
- 25.-Denegar a solicitude de prórroga e inicio dos trámites de resolución do contrato de prestación do servizo de asistencia económico-contable aos concellos, adquisición e posterior mantemento dun programa para o tratamento da contabilidade.
- 26.-Aprobar a ampliación do horario do contrato de servizos de atención de visitantes ao Mosteiro de Caaveiro.
- 27.-Aprobar o contrato menor para o nomeamento de comisario do IX Premio Andrés Gaos.
- 28.-Aprobar o contrato menor para o nomeamento de comisario do IV Concurso de Rock Deputación Provincial da Coruña.
- 29.-Aprobar o contrato menor para o nomeamento da comisaria do XXIII Premio de narrativa Torrente Ballester.
- 30.-Aprobar contrato menor para o nomeamento de comisario do XII Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo.
- 31.-Aprobar o contrato menor de servizos para contratar 12 programas de televisión telemática por internet referidos á toponimia e á arqueoloxía da provincia da Coruña.
- 32.-Aprobar a contratación do acceso á base de datos xurídica tirantonline.com por un ano, para a Deputación e concellos da provincia da Coruña.
- 33.-Aprobar a maioración do gasto da participación da Deputación na Feira Navartur 2011.

34.-Aprobar o contrato menor de deseño e implementación dun sistema de xestión integral e descentralizada do patrimonio da Deputación.

35.-Aprobar o contrato menor de servizo de autobús para trasladar aos participantes no seminario Mantt.

36.-Aprobar a modificación do contrato de servizos de asistencia sanitaria para o persoal funcionario en activo.

37.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación do deseño, subministración e instalación das actuacións informativas de continuidade do Proxecto Mandeo, dentro das actuacións B.9, B.14 e B.15 do Proxecto Mandeo, cofinanciado nun 70% por fondos FEDER do eixe 5 “Desenvolvemento local e urbano sustentable”.

38.-Adxudicación das seguintes subministracións: 2 ordenadores portátiles máis, dentro do contrato de “Determinación do tipo de bens para a subministración de ordenadores portátiles e os escáner para a Deputación Provincial da Coruña, lote 1: ordenadores portátiles e lote 2: os escáner”.

39.-Aprobación do contrato menor de servizos para a realización dun monográfico sobre os valores turísticos das comarcas do Barbanza, Muros e Noia.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

40.-Adxudicación provisional das obras incluídas no proxecto de Centro Etnográfico de Curtis.

41.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares dos servizos de mantemento da web da consulta de actas e dos programas de xestión e catalogación das actas dixitalizadas dos Plenos.

42.-Aprobar o contrato menor de subministración e instalación dun arco de protección antifurtos na Biblioteca provincial.

43.-Aprobar o contrato menor de realización do taller de celebración do Día das Letras Galegas na Biblioteca provincial.

44.-Aprobar o contrato menor de realización do taller de celebración do Día Mundial do Libro na Biblioteca provincial.

45.-Aprobar un contrato menor para realizar unha campaña de divulgación do proxecto “Promoción das enerxías renovables na provincia da Coruña” subvencionado con cargo ao mecanismo financeiro do Espazo Económico Europeo.

46.-Aprobar a contratación das accións da publicidade en merchandising do proxecto “Promoción das enerxías renovables na provincia da Coruña”.

47.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación da subministración de medallas corporativas con destino á Deputación.

48.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación da subministración dunha máquina fotocopiadora con destino ao Arquivo provincial.

49.-Aprobar o contrato menor de adquisición de 15 impresoras portátiles para a implantación do piloto de tramitación das sancións de tráfico a partir de dispositivos móbiles.

50.-Aprobar a adquisición dunha rozadora con destino á explotación agrícola do Pazo de Mariñán.

51.-Aprobar a inspección obrigatoria dos aparatos elevadores da Deputación de acordo co disposto no R.D. 2291/1985.

ROGOS E PREGUNTAS